



GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS

DO SECTOR DO CULTIVO
DE MEXILLÓN EN GALICIA
PARA A REDUCCIÓN DOS
LIXOS MARÍÑOS

Foto: Xurxo Lobato

O NOSO MAR BEN O MERECE

PARA GARANTIR UN FUTURO PARA O NOSO CULTIVO, ESTAMOS OBRIGADOS A SEGUIR NA SENDA DA SOSTENIBILIDADE, AFONDANDO NAS BOAS PRÁCTICAS

A chamada a acción que facíamos en 2018 segue viva. Se ben é certo que polo xeral a contaminación que non se ve é moito mais perigosa e danosa que a que se ve, os lixos mariños son unha problemática crecente que tamén contribúe significativamente á degradación dos mares. Un problema de todos que ten a súa solución en todos nos, tamén nos sectores do mar, como os do Mexillón de Galicia.

Entre todos temos que coidar adecuadamente a nosa contorna mariña, xestionando mellor os lixos a bordo, reciclando e reutilizando mais e mellor, procurando un manexo mais adecuado e circular dos materiais empregados no cultivo, para así minimizar a xeración de lixos mariños. Por nos e polos que veñen detrás nosa, preservar o bo estado das nosas augas, das rías, é algo absolutamente necesario se queremos garantir que as próximas xeracións poidan seguir disfrutando deste entorno privilexiado onde se cría o Mexillón de Galicia.

Con esta idea elaboramos esta Guía de Boas Prácticas no marco do proxecto “Acuicultura sostible e Economía Circular – ACUIECO”.

ACUIECO foi promovido polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia e o Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, actuando como socio. Contamos ademais coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la Transición Ecológica, a través do programa Pleamar del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP).

Se queremos unhas augas limpas debemos ser os primeiros en dar exemplo cunha conduta esixente e fundamentada nunhas prácticas que contribúan a ese fin.



QUE SON OS LIXOS MARIÑOS?

O Programa de Medio Ambiente da Organización de Nacións Unidas define os lixos mariños como **“calquera sólido persistente de orixe non natural (manufacturado) que fora refogado, depositado ou abandonado en ambientes mariños e/ou costeiros”**.



DE ONDE PROVEÑEN?

O 80% dos lixos mariños orixinase en terra (turismo, vertidos ilegais, vertedoiros, ríos...)

O vinte por cento restante provén de actividades desenvolvidas no mar (trafico marítimo, pesca, acuicultura, embarcacións de recreo...)



QUE TIPOS DE LIXOS MARIÑOS HAI?

Plásticos, metais, madeiras, papel e cartón, cristal e vidro, goma, téxtil e cerámica.

O plástico é o lixo mais abundante no mar (arredor dun 90% dos lixos atopados no nos océanos son plásticos)

ALGO PARA PENSAR

10.000.000

de toneladas de plásticos rematan nos mares cada ano. Isto equivale a tirar un camión enteiro de plástico cada minuto.

1.000.000 de
100.000

aves, e mamíferos e tartarugas mariñas morren cada ano por culpa dos plásticos.

O 90 % das especies mariñas inxeriu algunha vez produtos plásticos.

Estímase que en 2050, o **99% das aves mariñas** terán plástico no seu aparato dixestivo.

Nesta década os océanos acumularan **un quilo de plástico por cada tres quilos de peixes**

Só un 15% dos lixos mariños son devoltos á terra polo mar, mentres que o restante 85% se acumula nos fondos mariños ou permanece ou aboando na columna de auga.

Alguns dos produtos plásticos máis comúns nas praias europeas son: cabichas, botellas de plástico, envoltorios, tapóns de botellas, bolsas, bastóns para oídos... Para reducir esta problemática a UE prohibiu recentemente a venda de obxectos plásticos dun só uso como as palliñas ou os cubertos de plástico.

Nas praias galegas ademais dos anteriores aparecen de maneira importante lixos orixinados polas actividades de pesca e acuicultura. De feito o décimo lixo mariño máis común no Parque Nacional das Illas Atlánticas son os palillos empregados no cultivo do mexillón.

A PRESENZA DE LIXO NOS
MARES E OCÉANOS É UN
PROBLEMA GLOBAL E CRECENTE
QUE AFECTA A FAUNA E FLORA
MARIÑA E AOS ECOSISTEMAS,
CHEGANDO INCLUSO Á CADEA
ALIMENTARIA.

Foto: Xurxo Lobato



VICERREXIDENCIA
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO ENERGÉTICO



Agencia Española de Medio Ambiente

PROGRAMA
pleamar



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)

INTEMARES

MEXILLÓN DE GALICIA
Consello Regulador



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE CIENCIA,
E INNOVACIÓN
Y TURISMO

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

QUE DANOS OCASIONAN OS LIXOS MARIÑOS?

✕ ANIMAIS PREXUDICADOS

Moitos animais poden ser enmallados, estrangulados, asfixiados ou perder a capacidade de nadar ou de comer a causa dos lixos.

✕ PAISAXE

Perda do valor social e estético da costa afectando ao turismo e sectores relacionados.

✕ ESPECIES ALÓCTONAS

Os lixos que aboian contribúen ao transporte e introdución de especies alóctonas.

✕ MICROPLÁSTICOS

Os plásticos rómpense en pequenos anacos (microplásticos) que invaden todo, as augas, praias e mesmo son ingeridos polos peixes, moluscos... e o plancto.

✕ CONTAMINACIÓN QUÍMICA

Os plásticos actúan ademais coma “esponxas químicas” que concentran compostos contaminantes.

✕ PESCA PANTASMA

As artes de pesca perdidas ou abandonadas seguen pescando (Pesca fantasma).

✕ TOXICIDADE

Poden conter sustancias tóxicas que contaminan o contorno e poden afectar á saúde dos organismos mariños así como aos seres humanos.

✕ NAVEGACIÓN

Afectan negativamente á pesca, ao turismo, ao tráfico marítimo, etc. Por exemplo, a chatarra pode enredarse nos aparellos de pesca, embarcacións etc.

✕ CONTAMINACIÓN


Degradan e alteran os fondos mariños e as praias.

CANTO DURAN OS LIXOS NO MAR?



OS LIXOS MARIÑOS TARDAN EN DESAPARECER
MOITO MÁIS DO QUE IMAXINAMOS.
VELAQUÍ UNS PEQUENOS EXEMPLOS





Bibliografía:

Informes de resultados del Programa de Seguimiento de Basuras Marinas en Playas. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

O lixo no mar: un problema global un problema local. Federación Ecoloxista Galega e Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR). Proxecto Observatorio OMAR.

Departamento Científico de Greenpeace. 2016. *Plásticos en el Pescado y el Marisco.*

Greenpeace 2016. *Plásticos en los océanos. Datos, comparativas e impactos.*

E. Rojo-Nieto e T. Montoto, Ecologistas en Acción. 2017. *Basuras marinas, plásticos y microplásticos orígenes, impactos y consecuencias de una amenaza global.*

UNEP, 2005. *Marine Litter: An Analytical Overview.* United Nations Environment Program – Nairobi, Kenia.

UNEP, 2009. *Marine Litter: A Global Challenge.* United Nations Environment Program – Nairobi, Kenia.

Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. *Una estrategia europea para el plástico en una economía circular.* COM(2018) 28 final

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. 2018. *Guía de Buenas Prácticas para evitar la llegada de basura al mar.* Elaborada dentro do proxecto “Red para la recuperación de los ecosistemas marinos del Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”.

J. Gago, F. Lahuerta e P. Antelo. 2014. *Characteristics (abundance, type and origin) of beach litter on the Galician coast (NW Spain) from 2001 to 2010.* Scientia Marina 78(1). doi: 10.3989/scimar.03883.31B

Documento del Grupo de Trabajo Conama 2016. GT-16 Basuras Marinas.

Ellen MacArthur Foundation. 2016. *The New Plastics Economy. Rethinking the future of plastics.* Informe presentado no Foro Económico Mundial de Davos.

Infografías Oceans of Plastics. Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología. Ministerio de Economía, Industria y Competitividad.

Infografía de Proxecto Interreg Atlantic Area «Clean Atlantic». www.cleanatlantic.eu

Informe Libera. Impacto del abandono del plástico en la naturaleza. Seo BirdLife. Ecoembes.

Ministerio para la Transición Ecológica. Decálogo Ciudadano contra las basuras marinas, y Cuaderno de basuras marinas.

BOAS PRÁCTICAS:

BATEA ORDENADA

Revisa con regularidade o seu estado e realiza labores de mantemento oportunos.

MANTEMENTO DA BATEA

Traslada a terra os residuos e depositaos nos contedores correspondentes, para facilitar a súa reciclaxe.

QUE NON ACABE NO MAR

Nunca botes ao mar ningún residuo. Dispón dun sistema adecuado recollida de residuos e no porto depositaos nos seus correspondentes contedores.

PRODUTOS INOCUOS

No tratamento da batea utiliza produtos inocuos, preferentemente ecolóxicos. Evita o uso de poliuretano como tratamento das vigas de batea.

ASEGURA O MATERIAL

As cordas, carros... que se gardan na batea deben estar ben asegurados para evitar que se perdan no mar.

AS CABICHAS

Se fumas, nunca tires ao mar as cabichas. O mar non é un vertedoiro.

REVIS A MAQUINARIA

Mantén un correcto mantemento do barco, da grúa e da maquinaria de cuberta.

BATEA DESPEXADA

Mantén a superficie da batea despexada, evitando almacenar materiais innecesarios pneumáticos, bidóns, envases, etc. que poden acabar no mar.

CONTRAPESOS

Substitúe por novos os inservibles, trasladando a terra para a súa reciclaxe os deteriorados. Procura evitar o uso como estabilizadores de bidóns plásticos con revestimento metálico, xa que se deterioran con maior rapidez que outros dispositivos e poden converterse en lixos mariños accidentalmente.

MATERIAIS NATURAIS

Sempre que poidas favorece o emprego de materiais naturais, reciclables ou compostables. Fomenta a redución, a reutilización e a reciclaxe dos lixos.

COIDA DO NOSO MAR. O FUTURO DE TODOS ESTÁ EN XOGO

NO CEPILLADO DAS CORDAS

Procura non mergullar del todo o cesto para evitar que os palillos rotos se perdan no mar. Ademais para evitar enganches e roturas durante o cepillado das cordas, non cepilles de cada vez mais cordas das que admite o teu cepillo.

CAMBIOS DE CEPILLO

Se tes que cambiar o cepillo, faino de forma graduada, primeiro unha metade e pasado un tempo a outra. Así se minimiza a rotura de palillos debida a unha excesiva rixidez dos filamentos nos cepillos novos. Ademais deixa folgura suficiente entre as metades do cepillo para evitar que se danen en exceso aos palillos.

REXISTRO DOS MATERIAIS

Procura levar un rexistro dos materiais que utilizas no cultivo (cordas, palillos, etc). Saber a idade dos materiais, identificar os puntos de perda e de rotura, establecer a taxa de reposición dos materiais... axudarache a mellorar a xestión do teu cultivo e a minimizar as perdas de materiais.

CORDAS, CABOS...

Revisa regularmente o estado das cordas, colectores, rabizas, palillos..., substituíndo os deteriorados. Manter as cordas en bo estado renovando as deterioradas que xa non gardan a corcha, reduce a perda de palillos.

REPARQUEO

No reparqueo de mexillón evita a reutilización de sacos.

VERTIDOS DA SENTINA

Garante a retención das augas de sentina evitando o seu vertido.

ENCORDADO

No encordado do mexillón utiliza rede de fibras naturais, 100% biodegradable, evitar os sintéticos que poden xerar microplásticos.

A CUBERTA DO BARCO

A cuberta do barco debe manterse limpa e ordenada, e os elementos almacenados nela deben estar asegurados para evitar a súa perda no mar.

MEXILLÓN DE
GALICIA



Denominación de
Orixe Protexida

Elaborado polo Departamento de I+D+i do Consello
Regulador da DOP Mexillón de Galicia

**CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE
PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA**

Avda. da Mariña, 25, 1º.
36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

 facebook.com/mejillondegalicia
www.mexillondegalicia.org

Xuño de 2021.